

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12A	<i>Expediente</i> CON/4/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:15

Número 18 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de "Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014."

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de maio de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 18 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBSTITUCIÓN REDE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE BORNAIS - POS ADICIONAL 1/2014."

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 7 de maio de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/311, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora Xeral Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

EXPEDIENTE: *Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014.*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato a ESPINA Y DELFIN SL.*

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12A	<i>Expediente</i> CON/4/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:15

Primeiro: Con data 16 de abril de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ESPINA Y DELFIN SL.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 17 de abril, requireo para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 27 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de contratación de 16 de abril, procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ESPINA Y DELFIN, SL**, por un importe de **75.986,88 euros** (IVE aparte 21%: 15.957,24 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 61900.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ESPINA Y DELFIN, SL**, por un importe de **75.986,88 euros**, (IVE aparte 21%: 15.957,24 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI12A	<i>Expediente</i> CON/4/2015	<i>Fecha</i> 22-05-15 11:15

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 45400 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

